



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000018

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día trinta de maio de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 267 de data 29 de maio/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23.05.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 23.05.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA Nº 1 “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA” EMITIDA POR JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.-

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 3 de maio de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 3 de maio de 2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.** o día 7 de maio de 2024 por importe de 10.614,27 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE24 47 de data 03/05/2024 con número de rexistro contable F/2024/1243, emitida por **JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 7 de maio de 2024 por importe de 10.614,27 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” deberán descontárselle 221,15 euros pola dirección e inspección de obra 73,72 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández. ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000003).

3º.-PRÓRROGA DE CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (LONGOIRO).-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA:
Expte: 2021/C004/000007

Antecedentes de Feito:

Visto expediente 2021/C004/000007 polo que se saca a licitación a contratación do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do pavillón municipal de deportes no Concello de Valdoviño (Longoiro), cos seguintes antecedentes:

- Aprobación do expediente de contratación e do gasto pola Xunta de Goberno Local o 3 de novembro de 2021.
- Anuncio de licitación publicado o 24 de novembro de 2021.
- Apertura de sobre A- Documentación administrativa o 13 de xaneiro de 2022.
- Apertura de sobre B -Apertura e valoración dos criterios avaliáveis automaticamente o 8 de febreiro de 2022.

- A mesa de contratación eleva as actuacións así coma as puntuacións obtidas polos licitadores ao órgano de contratación para a súa aprobación e propón como adxudicatario do servizo a LIMANFER S.L NIF B15595960, motivado en que obtivo a maior puntuación de adxudicación do servizo citado o 7 de abril de 2022.
- Notificación de requirimento de documentación á empresa máis vantaxosa economicamente o 5 de maio de 2022.
- Adxudicación do contrato do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do pavillón municipal de deportes no Concello de Valdoviño a LIMANFER S.L NIF B15595960 o 16 de xuño de 2022
- Notificación de adxudicación do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do pavillón municipal de deportes no Concello de Valdoviño a LIMANFER S.L NIF B15595960 o 22 de xuño de 2022.

Vista formalización do contrato de servizos “CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (LONGOIRO)” por prazo de dous anos (prorrogable por outro ano) e acta de inicio da prestación asinados o 8 de xullo de 2022.

Vista solicitude presentada o 09 de maio de 2024 por Juan Rico Rodriguez en representación de LIMANFER S.L. con número de rexistro de entrada 202499900000706, no que expoñen que á vista do próximo vencemento do contrato e da cláusula 7ª que contempla a posibilidade de prórroga, solicitan sexa concedida.

Visto informe suscrito o 13 de maio de 2024 polo responsable do contrato, o Concelleiro de Obras e Servizos, Benito Vega Fernández, no que expón que considera conveniente acordar a prórroga do servizo que se prevé no prego de cláusulas administrativas.

Visto informe xurídico de lexislación e procedemento aplicable suscrito pola Secretaria de data 13 de maio de 2024.

Visto informe de fiscalización asinado pola Intervención de data 24 de maio de 2024. Consta no expediente documento contable de retención de crédito.

Consideracións legais aplicables:

- Artigo 29, 35 e disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Cláusula 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato e cláusula 2ª do contrato de prestación do servizo.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón á **Xunta de Goberno Local** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Que se prorrogue o contrato do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do pavillón municipal de deportes no Concello de Valdoviño (Longoiro) por prazo DUN ANO.

A prórroga do contrato levarase a cabo sen modificación algunha nin variación do prezo no contrato.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á prórroga antedita.

Terceiro .- Notifíquese o presente acordo ao adxudicatario do contrato.

Cuarto.- Dese traslado do presente acordo á Secretaría e aos Servizo da área económica para os efectos oportunos.

Non en tanto a Xunta de Goberno acordará o que estime máis oportuno.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/C004/000007).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/